

CONSELLO TERRITORIAL DO COUTO

Data: 16 de outubro de 2023

Lugar: Local Social do Couto

Hora de comezo: 18:00 h

Hora de remate: 19:30 h

CONVOCATORIA E ASISTENCIA

Están convocadas, ademais das persoas designadas por cada grupo municipal para este barrio, as entidades asociativas rexistradas na zona.

Asisten ao Consello Territorial as seguintes persoas do tecido asociativo e dos diferentes grupos políticos da Corporación:

- Olga Ameneiro López (Concelleira de Participación) Presidenta do Consello Territorial
- Juan Pablo Mauriz Romero (Concelleiro de Mobilidade, Urbanismo e Obras)
- Silvia de Arriba Fernández (Partido dos Socialistas de Galicia)
- Germán Castrillón Permuy (Partido Popular)
- Eugenio Carballeira (Bloque Nacionalista Galego)
- Ramón Francisco Couto Bellas (AVV do Couto)
- Xosé Francisco Roade Servia (AVV do Couto)

Veciñanza asistente:

- José Pita Pita (veciño do Couto)

Xunto con Eva Paola Bermúdez Porras en calidade de equipo técnico da Escola de Participación Cidadá e Secretaría Técnica do Consello Territorial.

Benvida e apertura

Olga Ameneiro dá a benvida a todas as persoas participantes e explica o sentido dos Consellos territoriais e o dereito de intervención segundo o Regulamento de Participación Cidadá, que pode ser consultado [neste enlace](#).

Preséntase a axenda e o sentido da sesión.

ORDE DO DÍA

1.Revisión das necesidades/propostas compartidas nos últimos Consellos Territoriais. Deixamos un espazo ás persoas asistentes para que seleccionen as tres cuestións prioritarias para a veciñanza do Couto, para poder falar delas con máis calidade. A continuación, abrimos outro espazo para seguir compartindo as necesidades.

2. Compártense, por medio dunha rolda, **novas necesidades/propostas**, ás que na medida do posible se responde no propio Consello Territorial, incorporando aquelas que precisen de estudo ou revisión á folla de seguimento.

3. Resposta por parte do Goberno local, así como recollida de intervencións por parte do resto de Concelleiras/os da Corporación.

DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Comezamos a sesión dedicando o primeiro espazo que as persoas asistentes revisen o listado de temas de anteriores Consellos territoriais para poder seleccionar os que teñen maior prioridade. Durante esta sesión intercaláronse temas pendentes e novos temas que separaremos nesta acta:

Actualización do estado das cuestións recollidas en anteriores CT:

- Toponimia:
 - Dende a entidade veciñal informan de erros da toponimia que existen nos letreiros. Infórmase da necesidade de revisar esta cuestión e consultar a unha persoa profesional para que poida ser corrixida. Acordamos que a asociación veciñal enviará o DOG onde se recolle a toponimia orixinal para enviar a Olga Ameneiros e que se poida continuar coa revisión e corrección.
- Arranxos local social:
 - Infórmase do problema que teñen no local social coas fiestras, as cales algunhas non abren, entra fío a través delas etc. Pablo Mauriz informa de que o introducirán no Plan de Mellora da Eficiencia Enerxética para poder facer os cambios oportunos.
- Seguridade viaria:
 - A veciñanza propón instalar bandas sonoras ou outra solución como un radar móbil na rúa Miguel Cervantes para evitar a excesiva velocidade dos vehículos. Olga Ameneiro trasladará estas cuestións á Policía para que realicen as valoracións.
 - Germán Castrillón, en representación do PP, pregunta polas beirarrúas da urbanización do Couto. Pablo Mauriz informa que hai unha valoración feita mais están agardando por unha partida orzamentaria.
- Mantemento de pistas e camiños:
 - Silveiras: Infórmase de que o camiño de Miguel de Cervantes á fonte de Neixa está cheo de silveiras. Pídese un informe a Policía e Medio ambiente.

- Quentador: Tamén destacan que no Camiño do Vilar, chegando á ponte, hai un quentador que é imposible mover pola veciñanza e solicítase ao Concello a súa retirada.
- Problemas canalización auga: Germán Castrillón, en representación do PP informa de que hai problemas coa canalización da auga no Camiño do Muíño nº20.
- Piscina:
 - Impacto no tráfico: Eugenio Carballeira, en representación do BNG, pregunta se hai algún estudo realizado sobre o impacto da piscina no tráfico e como afectaría ao bus e o beneficioso que sería en caso de que non. Pablo Mauriz informa de que se tivo en conta á hora de facer a valoración e explica a idea así como que se ten en conta a piscina e o tramo polo que pasa o Camiño Inglés.
- Información sobre o PXOM:
 - A veciñanza pregunta polo estado do PXOM e se haberá algunha xuntanza para explicarllo á veciñanza. Pablo Mauriz informa de que agora mesmo se atopa en valoración técnica e que a previsión é que ao final de ano, se todo sae ben, poida ser aprobado en Pleno. Unha vez aprobado, presentarase polos barrios e parroquias.

Temas e necesidades novas abordadas no Consello territorial:

- Parque xogos infantís:
 - Dende a asociación veciñal informan da alta demanda debido ao número de crianzas que acoden e o beneficioso que sería a ampliación do mesmo.
 - Tamén se informa do mal estado do esvaradoiro, o cal pode ser un perigo para as crianzas. Olga Ameneiro informará a Servizos para que o arranxen.
- Campo da festa de Lodairo:
 - Marcos: A veciñanza informa da opción de poñer marcos ou un peche de formigón para delimitar o espazo. Valorar se é un espazo que ten uso e merece a pena inverter alí.
 - Seguridade: Tamén se informa do perigo do desnivel que existe.
 - Caseta: No campo da festa existe unha caseta en mal estado no que vive unha ou dúas persoas. Olga Ameneiro informa de que están ao tanto e que darán aviso á Policía.
 - Monólito: Dende a asociación veciñal informan de que hai un monólito ao *cronista oficial de Narón* e que sería interesante revisar o seu estado e acondicionalo.

- Iluminación:
 - Un veciño sinala que hai unha zona un pouco escura na rúa As Vinas, esquina Miguel de Cervantes, que melloraría cun foco nese punto de sombra.
- Participación cidadá:
 - Regulamento de participación. Eugenio Carballeira, en representación do BNG e Silvia de Arriba falan da posibilidade de valorar unha modificación do regulamento de participación para poder cambiar o dereito de intervención aos Consellos territoriais. Olga Ameneiro ten en conta esta posibilidade, mais afirma que agora mesmo a prioridade é darlle cumprimento.
 - Orzamentos participativos. Eugenio Carballeira, en representación do BNG, pregunta pola posibilidade de implementar orzamentos participativos no Concello. Pablo Mauriz responde que a participación da veciñanza nos distintos órganos e a comunicación que hai xa permite que o Concello teña en conta as necesidades e sexa unha forma de que participen nos orzamentos.
- Estradas da Deputación: Dende a veciñanza sinálase que este é un tema relevante. Germán Castrillón, en representación do PP, solicita que o Concello insista nas súas reclamacións á Deputación. Falamos sobre como poder ter incidencia nesta cuestión que afecta a distintas parroquias. Pablo Mauriz afirma que o Concello realiza o seu labor comunicando as demandas á Deputación.
 - Estrada da Gándara (límite da Gándara a Londras con deficiencias), Miguel de Cervantes (parte das beirarrúas feita polo Concello, mais falta a parte que ía realizar a Deputación) e Av. Souto Vizoso (levantadas as beirarrúas).

PECHE

Péchase a sesión agradecendo a asistencia e participación.

No Couto, a 16 de outubro de 2023.

A Secretaría